



Bases
I PREMIO DONA URRACA DE
NOVELA HISTÓRICA

I PREMIO DONA URRACA DE NOVELA HISTÓRICA

- Xénero: Novela histórica
- Premio: 6.000 €, edición e 20 exemplares
- Aberto a: maiores de idade
- Entidade convocante: Editorial Guiverny
- País da entidade convocante: España
- Idioma: galego e castelán
- Data de peche: 1/07/2023

BASES

OBXECTO

Co ánimo de contribuír a potenciar o cultivo da novela histórica e premiar a calidade e creatividade literaria, e coa vontade de homenaxear a figura histórica da raíña Dona Urraca, Editorial Guiverny convoca o “I Premio de Novela Histórica Dona Urraca” en lingua castelá ou galega.

BASES

Primeira

Poderán participar todas as persoas, maiores de idade, que presenten novelas en lingua castelá ou galega. As obras deberán ser inéditas, non podendo ter sido premiadas en ningún outro certame, nin publicadas anteriormente. A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificárase mediante unha declaración responsable manifestando que se é o autor ou autora e titular de todos os dereitos.

En consecuencia, a Editorial Guiverny non se fará responsable das posibles denuncias que puidesen xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, de ser o caso, as indemnizacións que puidesen corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización. As persoas participantes terán o deber de comunicar á EDITORIAL a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do premio.

Segunda

Será outorgado un premio único, dotado con 6.000 €. A contía do premio estará suxeita á lexislación fiscal vixente, realizándose sobre tal importe as retencións legalmente establecidas. Correrán por conta das persoas premiadas todos os impostos que graven a percepción dos premios. O premio non poderá concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse se a persoa beneficiaria falecese despois da decisión do xurado. O premio poderá quedar deserto e ser concedido ex aequo; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas. A editorial publicará a obra premiada nun prazo de dezaoto meses, que se contarán desde a data de concesión do premio, tendo en exclusiva os dereitos de edición e tradución a outras linguas. Editorial Guiverny entregará á persoa gañadora vinte exemplares.

Terceira

As persoas participantes presentarán os seus orixinais inéditos, cunha extensión mínima de 20.000 palabras. A temática é libre, pero enmarcada no xénero de novela histórica (obra de ficción que recrea un período histórico do pasado) ou novela de ambientación histórica (obra que presenta personaxes e eventos ficticios situados no pasado). O xurado valorará a visibilización do papel das mulleres na Historia a través da introdución de personaxes femininos. Tamén se terá en conta positivamente a ambientación da trama na provincia de Pontevedra en toda a novela ou nunha parte dela.

Cuarta

As obras presentaranse preferentemente en formato dixital: USB/CD que incluíra na cuberta: “I Premio Dona Urraca de Novela Histórica”, en castelán ou galego, título da obra e un lema ou pseudónimo da persoa autora da mesma; nun arquivo de tratamento de texto Word, OpenOffice ou PDF. A obra será presentada baixo o sistema de plica, polo que será introducida nun sobre á parte; no exterior do sobre figurará o título da obra e o lema ou pseudónimo do autor ou autora; no interior incluírase a documentación seguinte:

- copia do documento de identidade
- enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico
- breve currículo do autor/-ora
- declaración responsable manifestando que é a persoa autora e titular de todos a dereitos
- declaración expresa de que a obra é inédita e que non foi premiada, ata o día da súa presentación, en ningún outro certame ou premio
- escrito de cesión dos dereitos de edición da obra (incluídos os de publicación, distribución, explotación e tradución) por un prazo de dezoito meses desde a data da concesión do premio
- declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no “I Premio Dona Urraca de Novela Histórica” en lingua castelá ou galega, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Quinta

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste premio en medios de comunicación xerais e redes sociais por parte da Editorial Guiverny.

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación e rematará o día 1 de xullo de 2023. Os orixinais enviaranse á sede da Editorial Guiverny, Urbanización Hortensia nº 4, Os Ánxeles, 15865 Brión (A Coruña), indicando no sobre: I Premio de Novela Histórica Dona Urraca.

Sexta

Para a lectura da totalidade das obras presentadas, e dependendo da cantidade que sexa, será nomeado un grupo de preselección, que estará composto por persoas expertas no campo da literatura; estas persoas valorarán (de 0 a 10 puntos) as obras presentadas e farán un informe xustificativo da súa valoración. Pasarán á consideración do xurado as obras que teñan unha puntuación media mínima de 7 puntos ou, de non ser así, a obra máis valorada por parte dos integrantes do grupo de preselección.

Sétima

O xurado estará presidido por unha persoa en representación da Editorial Guiverny e cinco persoas máis, unha delas elixida pola Deputación Provincial de Pontevedra, todas elas de recoñecido prestixio no ámbito cultural e/ou literario. Así mesmo, unha sexta persoa exercerá as funcións de secretario/a. Para o nomeamento do xurado favorecerase a presenza de mulleres. A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Editorial Guiverny, co fin de que se poidan interpoñer, de ser o caso, os recursos legais pertinentes.

Oitava

O xurado actuará en pleno, en sesión se é posible única, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. O xurado presentará a súa proposta á editorial convocante, que é o órgano competente para conceder o premio. A decisión do xurado será inapelable. Terá lugar no segundo semestre de 2023 e será dado a coñecer a través da páxina web da editorial; Editorial Guiverny resérvase o dereito para cambiar a data se é necesario. A plica correspondente á obra poderá ser aberta pola persoa que exerza a secretaría do xurado co fin de que, se o autor ou autora o permiten, se poida dar a coñecer o seu nome.

Novena

Os orixinais recibidos en formato dixital ou papel non premiados serán destruídos unha vez publicada a decisión do xurado. A organización do Premio non manterá correspondencia cos autores; só se contactará directamente co gañador/-ora.

Décima

Os datos facilitados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é Editorial Guiverny. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que a persoa que asina outorga á Editorial Guiverny coa súa sinatura. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao premio por imposibilidade de tramitación da solicitude. O destinatario dos datos é a Ed. Guiverny, que non cederá datos a terceiros, agás obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación da convocatoria. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos para acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse ante as oficinas centrais de Editorial Guiverny, na Urb. Hortensia nº 4, Os Ánxeles nº 4, 15865 Brión (A Coruña), ou ben a través de medios electrónicos, dirixindo un correo ao email guiverny@editorialguiverny.com

Décimo primeira. Norma final

A participación nesta convocatoria implica a aceptación do seu contido e da decisión do xurado, que será inapelable. Calquera anomalía ou dúbida que poida xurdir no proceso de selección, deliberación e concesión do premio poderá ser estudada, interpretada e solucionada polo xurado, que se reserva o dereito de tomar iniciativas non reflectidas na convocatoria sempre que contribúan ao mellor desenvolvemento da mesma.

